

VACALUDOS VERÁN 2024

O Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes ten aberto o prazo de solicitude de praza ata o 24 de abril para as diferentes quendas de verán como unha alternativa de conciliación para os nenos e nenas da cidade de Santiago de Compostela



CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación

**ESPAZO EDUCATIVO
E DE LECER
MARÍA MIRAMONTES**

VACALUDOS VERÁN

**SOLICITUDE DE PRAZA:
DO 15 AO 24 DE ABRIL DE 2024**

**PARA NENOS
E NENAS
DE 3 A 12
ANOS**

QUENDAS	1º	DO 24 AO 28 DE XUÑO
	2º	DO 1 AO 12 DE XULLO
	3º	DO 15 AO 31 DE XULLO
	4º	DO 1 AO 14 DE AGOSTO
	5º	DO 19 AO 30 DE AGOSTO
	6º	DO 2 AO 6* DE SETEMBRO

*ATA O DÍA PREVIO AO INICIO DO CURSO

POBOACIÓN DESTINATARIA DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN DE VERÁN

Nenos e nenas de 3 a 12 anos empadroados ou que estean matriculados nun centro de ensino no municipio de Santiago de Compostela. O centro dispón dun total de 73 prazas autorizadas pola secretaría técnica de Política Social da Xunta de Galicia.

Destinatarios: 3 anos	20 prazas*
Destinatarios: 4 – 6 anos	30 prazas*
Destinatarios: 7 – 12 anos	23 prazas*

**O reparto de prazas variará en función das solicitudes recibidas.*

HORARIO DE FUNCIONAMENTO EN PERÍODO NON LECTIVO:

De luns a venres de 7.45 h a 15.00 h

HORA	SERVIZO
7:45 – 9:00	ACTIVIDADE LIBRE E CUSTODIA
9:00 – 10:00	ACTIVIDADE LIBRE
10:00 – 13:30	ACTIVIDADES DIRIXIDAS
13:30 – 15:00	ACTIVIDADE LIBRE E CUSTODIA

DATAS DE REALIZACIÓN:

Desenvolverase do 24 de xuño ao 10 de setembro do ano 2024, nas seguintes quendas:

QUENDAS	DATAS	TOTAL DÍAS
1ª QUENDA	Do 24 ao 28 de xuño do 2024 (24, 25, 26, 27 e 28).	5
2ª QUENDA	Do 1 ao 12 de xullo do 2024 (1, 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12).	10
3ª QUENDA	Do 15 ao 31 de xullo do 2024 (15, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31).	12
4ª QUENDA	Do 1 de ao 14 de agosto do 2024 (1, 2, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13 e 14).	10
5ª QUENDA	Do 19 ao 30 de agosto do 2024 (19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28, 29 e 30).	10

6ª QUENDA	Do 2 ao 10 de setembro do 2024 (2, 3, 4, 5, 6, 9,10).	5
-----------	---	---

PRAZO DE SOLICITUDE: do 15 ao 24 de abril de 2024

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE PRAZA

Os nenos e nenas que non estean dados de alta no Servizo deberán realizar a súa solicitude de alta a través do seguinte [enlace](#).

Unha vez realizado este trámite, recibirán comunicación mediante correo electrónico informando sobre o estado da súa solicitude.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES: o 10 de maio de 2024

Publicadas as listaxes, as persoas admitidas terán un prazo de 7 días naturais para confirmar a praza. Aquelas persoas que non confirmen, perderán a súa praza. Aquelas persoas que, unha vez aceptada a praza, renunciaren sen motivo xustificado, perderán a posibilidade de solicitar nos períodos non lectivos do curso escolar 2024/2025.

MODALIDADES A ESCOLLER:

Se hai máis solicitantes que prazas en cada quenda, o Centro asignará as prazas en función dos criterios de prioridade que se sinalan máis abaixo. Para facilitar a participación do maior número de persoas posible, dadas as limitacións de prazas, establécese o seguinte:

- As persoas usuarias poderán desfrutar dun máximo de unha quenda, agás haxa prazas dispoñibles noutras.
- No caso de quedar prazas baleiras nalgunha das quendas asignaranse tamén segundo os criterios de prioridade e será a única vía para a adxudicación de máis de 1 quenda.
- As persoas usuarias deberán solicitar, unicamente e por orde de prioridade, as quendas de interese.

ASIGNACIÓN DE PRAZAS

Durante todo o ano, este equipamento está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa, no horario de apertura do centro.

Polo tanto é imprescindible que as familias acrediten fiel e responsablemente as circunstancias laborais na/s quenda/s solicitadas.

Para a participación no programa é obrigatorio entregar a través do formulario de solicitude o certificado de emprego no que indique que nas quendas solicitadas se está traballando no horario de funcionamento do programa.

CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ASIGNACIÓN DE PRAZAS

No caso de que houbera máis solicitantes que prazas nas diferentes quendas ou programas é preciso establecer orde de preferencia na asignación entre aquelas persoas que están dadas de alta no servizo e presentaron a solicitude de participación en calquera dos programas ofertados dentro dos prazos establecidos.

A continuación amósanse os criterios para a asignación de prazas ordeados de maior a menor grao de prioridade:

1. Persoas vítimas de violencia de xénero, co informe dos Servizos Sociais, que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
2. Familias con nenos e nenas en acollida e nas que as dúas persoas adultas traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
3. Familias monoparentais que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
4. Familias con ao menos un membro traballando fóra da comunidade autónoma de Galicia no horario de funcionamento do programa.
5. Familias con ao menos un membro con incapacidade laboral (temporal/permanente) ou discapacidade e outro que traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
6. Familias separadas ou divorciadas nas que a persoa titora que teña a custodia no momento da solicitude traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
7. Familias numerosas coas dúas persoas adultas que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa e con nenos e nenas en acollida.
8. Familias coas dúas persoas adultas que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
9. Familias con ao menos un membro en desemprego e outro que traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.

En relación aos criterios de prioridade para a asignación de prazas: As situacións familiares descritas nos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 deberán acreditar a súa situación mediante a documentación administrativa correspondente (certificado de monoparentalidade, informe de Servizos Sociais, informe médico, sentenza, etc.)

a. Aquelas persoas que traballen a turnos, teñan flexibilidade horaria ou sexan persoal docente terán que aportar un certificado de emprego actualizado no que indiquen o horario no que traballarán durante as quendas desexadas. Non se aceptarán os certificados ou declaracións xerais que non acrediten as circunstancias específicas da familia nas quendas solicitadas.

b. As solicitudes que non aporten a documentación requirida quedarán excluídas.

c. É responsabilidade única das persoas interesadas a entrega dos certificados e declaracións de horario laboral actualizados.

d. A falta non xustificada a calquera programa no período non lectivo será un criterio excluínente na seguinte solicitude.

e. Aquelas familias que non precisen conciliar pero que desexen participar poderán facelo se hai prazas baleiras.

No caso de non ser suficiente cos criterios de prioridade para a asignación de praza, o centro realizará un sorteo público para aqueles casos nos que o número de solicitudes supere ao número de prazas, aplicando a fórmula “ALEATORIO.ENTRE (Ax;Ay)” no documento onde figuran os números de alta introducidos de maneira aleatoria e atribuíndo a cada solicitante un número nese listado. O resultado da aplicación da fórmula dará un número “x” que será o que obteña praza en primeiro lugar e tamén os sucesivos ata completar as prazas dispoñibles. Completadas as prazas, o resto pasará a formar parte dunha listaxe de agarda.

RÉXIME DE PREZOS: de balde.

Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes
Concello de Santiago de Compostela, Departamento de Educación
Rúa Fontes do Sar, Santiago de Compostela
Teléfono: 981 542 464

www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal

espazomiramontes@santiagodecompostela.gal
Facebook: Espazo de Lecer María Miramontes
Instagram: @espazodelecermariamiramontes